

OFERTA DE EMPREGO PARA UNHA TÉCNICA INFORMÁTICA

Entidade social viguesa do eido da igualdade busca unha técnica en informática para desenvolver diversas tarefas na súa sede.

É requisito imprescindible que estea empadroada no Concello de Vigo como mínimo desde o 1 de xaneiro de 2014 e en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Perfil profesional:

Técnica en informática con título de Formación Profesional nas especialidades de Informática e Comunicacions, valorándose ademais coñecementos da xestión administrativa.

Funcións a desenvolver:

En dependencia funcional da coordinadora, quen establece as directrices do traballo e programa as tarefas a realizar en base ás necesidades xerais da entidade, a técnica informática desenvolverá as seguintes funcións e tarefas:

- ✓ Creación de diferentes arquivos dixitais da Asociación e a súa xestión documental.
- ✓ Artellamento e actualización das diferentes bases de datos para uso interno da asociación.
- ✓ Actualización e mellora da web da asociación.
- ✓ Tarefas relativas á seguridade informática.
- ✓ Manexo do paquete ofimático.
- ✓ Apoio e supervisión do persoal da asociación nas cuestións relativas ás TIC.

As persoas interesadas deberán enviar o seu currículo en formato .doc, .docx, .rtf ou .pdf a info@mulleresprogresistas.org, indicando no asunto: **técnica informática**. ANTES DO 10 DE XUÑO DE 2015.

